

LIBROS



Unha das achegas indirectas que deixou –ou delegou– Ramón Piñeiro foi este fenomenal ensaio de Celestino Fernández de la Vega, un dos máximos expoñentes do colectivo Galaxia e coautor da famosa tradución do traballo de Heidegger “Da esencia da verdade”, libro que desatara a ira

de Juan Aparicio, un dos personaxes máis nefastos que tivo nunca a cultura galega. “O segredo do humor”, publicado por vez primeira en 1963, supuxo un fito na literatura que xerara até o momento un fenómeno tan peculiar –e tan individual– como o humor, vector primordial da intelixencia humana. Era, foi, unha empresa complexa que o intelectual lugués conseguiu superar con solvencia elaborando un estudo no que, en palabras do propio Piñeiro, alcanzou o cerne do concepto humor. Logo de analizar toda a literatura que se tiña publicado sobre o tema, Fernández de la Vega chegou á conclusión de que o humor é un fenómeno esencialmente moderno que comeza co Cervantes de “El Quijote” e que se basea no subxectivismo. O autor preguntábase pola escasa produción que xerou o estudo do humor –sobre todo en España– e distingue entre este e outros conceptos como comicidade, sátira, ironía, etc. Tal empeño –laboriosísimo– deu como resultado un traballo orixinal que serviu de referencia para moitos pensadores españois da época e posteriores.

O SEGREDO DO HUMOR
Celestino Fernández de la Vega
Galaxia / 19 euros



Reaparece no panorama literario galego para infantes un dos máis sobranceiros narradores en español, Pablo Albo, con “A sopa queima”, logo dos recentísimos “Un gato na árbore” e “O último canto” –editados tamén por OQO–. Nesta ocasión, o contacontos alacantino fixo sociedade cun grande ilustrador a quen a mesma editorial xa botara o ollo con anterioridade, o portugués André Letria –co autor, canda Armando Quinteiro da fenomenal serie “Caracóis” dirixida a primeiros lectores e prelectores–. “A sopa queima” narra o vía crucis polo que ten que pasar unha nena, María, para tomar o prato que lle preparou a nai. Como adoita acontecer nestas situacións –a hora de comer soe ser un dos momentos que máis conflitos crea entre pais e fillos–, a pequena nota a sopa quente, quentísima, e non hai forma de que a probe. Pero a entrada en escena de varios personaxes axudaranlle a, sen se decatara practicamente, superar o reto, pois de retos está formada a aprendizaxe dos pequenos. Canda a claridade da historia, propia dun gran monologuista como Albo, destacan as ilustracións de Letria, esta vez si –non sempre pasa, nin moito menos– axeitadas á idade e á historia que se conta.

A SOPA QUEIMA
Pablo Albo e André Letria
OQO / 11,90 euros



Vicente Araguas



DOS VELLOOS OFICIOS

Cédeme Jane Danko (esa embaixadora voante que lle saeu a Cedeira, desde o ben argallado “Tex-Ced” que goberna co seu home, Tono, do Café La Marina) un libro imprescindible de Xavier Rodríguez Vergara: “Redes e peixes. Saberes dun mariñeiro” (Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2007). Un volume clave para saber que cousa é cousa no mundo complexo do mar que nos arrodea e nutre, do mar sen o que non se podería entender unha vila tan de branco e azuis como é Cedeira. Na que Xavier Rodríguez Vergara leva incardinado toda unha vida, en parte adicada (precisamente) a este universo mariñeiro do que dá comprida mostra este volume. Que se inscribe na vella tradición redescuberta pola “Xeración Nós” que dera en volver tomar os vellos oficios, desde unha sabedoría cáseque arqueolóxica –folclorista, desde logo– na que brillaron nunha continuidade ben meritoria xente como Don Antonio Fraguas. E á que dá lustre recopilatorio o santiagués Museu do Pobo Galego.

Por aí, nesa xeira recreativa, imos vendo o estudo de Xavier Rodríguez Vergara, un home de múltiples sabedorías, que no seu traballo fala de mesteres antigos, que nos din que en segundo que terreos o ser humano aínda non se deu superado por uns avances tecnolóxicos como matar o tempo a balanzas. Por iso que aquí as zarrandas ou as anelas, rape-tas ou salabardos seguen a ser hoxe o que nunca deixaron de figurar nun mundo de traballos durísimos, cal son os de navegar arreo para que os Sorolla máis realistas non deixasen de pintar cadros como o famoso que dictamina: “¡Y aún dicen que el pescado es caro!” (Ben entendido que agora o Xavier nos debe un libro complementario que fale da épica da pesca nos mares que se proxectan desde Cedeira, naufraxios e heroísmos incluído, como aquel que no rueiro cedeirés dá nome a Ferrol, en mostra agradecida pola entrega ferrolá no acontecer dunha desgraza que afectara á vila irmá).

O libro de Rodríguez Vergara é dos de “coffee table”, grande no tamaño e acorde, na súa amplitude, coa maquetaxe xenerosa na que van implícitas unha chea de fotografías do meirande interese. Moitas relativas ao que aquí se conta e outras de valor documen-



“Redes e peixes. Saberes dun mariñeiro”
Xavier Rodríguez Vergara

Consellería de Pesca / 30 euros

**“Non soamente
apontan ao albo
primitivo senón
tamén ao de manter
unha riqueza verbal”**

talista para unha Cedeira vella que cada vez estimamos máis quen a coñecemos no tránsito á fermosa (e próspera) vila actual. Deses sete mil e pico habitantes no inverno, que se multiplican por tres no tempo estival. Esa Cedeira, en fin, que vivía e vive do mar. Acompasando o seu ritmo a todas as embarcacións: chalanas, traíñas, bous, tarrafas das que Rodríguez Vergara vai dando conta comprida, nun alarde tamén léxico, e é que libros destas características non soamente apuntan ao albo primitivo (cal é ilustrar encol dos oficios antigos) senón tamén ao de manter unha riqueza verbal que non pode perderse.

Mais redes e embarcacións á parte, Rodríguez Vergara ilustra tamén sobre ictioloxía. E o seu é un roldar de peixe que entra na ría, que se move perto ou fóra desta: chepa, barbada, maragota, dourada, gaián ou morea, nun baile multicolor e sorprendente. Como este libro de Xavier Rodríguez Vergara: toda unha regalía.